

# Do pazo ao Senado: Sangue fidalga na oligarquía hispana

XAVIER BRISSET MARTÍN \*

## Sumario

Designados pola Rexenta en 1834, varios representantes da nobreza galega participaron no Estamento de Próceres do Reino que, pouco despois, se denominou Senado. Neste artigo fixarémonos nos próceres que tiñan algún tipo de interese nos pazos da provincia da Coruña e como participaron, vía matrimonial, nas primeiras familias políticas do sistema constitucional.

## Abstract

Nominated by the Queen Regent in 1834, various representatives of galician nobility participated in the Assembly of the Grandees of the Kingdom which a little while later was called the Senate. In this article we concentrate on those nobles who have some interest in the estates in the province of Coruña, and how they participated, through marriage, in the first political families of the constitutional system.

Morto Fernando VII ós 49 anos, súa viúva M<sup>a</sup> Cristina de Borbón que contaba 27, decide rexentar o reino en nome da súa filla Sabela II, infanta de tres anos. Acosada polo seu cuñado Carlos de Borbón - catro anos menor que o defunto - que pretendía sustituíla no trono, encabezarán, nai e tío, os dous bandos que se enfrontaron na primeira das tres Guerras Carlistas (1833-1839).

Ao redor de Carlos (V) e o seu ideario absolutista, xuntáronse as forzas que, décadas atrás, tan ben serviran ó seu irmán, conseguindo abolir os avances constitucionais de Cádiz, retornándolle os privilexios ás vellas institucións do Antigo Réxime ó tempo que perseguían, encadeaban e executaban os líderes liberais.

Pola banda dos isabelinos, os políticos perseguidos polos 100.000 fillos de San Luis, exiliados ou agochados en sociedades secretas que, tras ser amnistiados, pretenden consolidar un réximen constitucional que obrigara á monarquía a compartir o poder coas novas clases emerxentes.

En ambos bandos, arriba, abaixo, a dereita e a esquerda, nun indescifrable boreo de sables, militares de toda graduación e condición. Dende o íntegro, que equivocado ou non, se xogaba todo por un ideal ata o aspirante a dictador.

De acordo cos liberais, M<sup>a</sup> Cristina asina a convocatoria ás Cortes Xerais do Reino por medio do Estatuto Real de 10 de abril de 1834, decidindo que estas estarán formadas polo Estamento de Próceres do Reino e o Estamento de Procuradores do Reino, que dende a Constitución de 1837, se denominaron Senado e Congreso.

Para ser prócer era preciso estar nos chanzos superiores da xerarquía católica (doce), posuír título nobiliario de Castela ou «Grandeza de España» (sesenta e oito), ser gran terratenente ou burgués especialmente acaudalado, ademais de méritos persoais, entre os que sen dúbida se esixía a militancia anticarlista.

---

\* Xavier Brisset Martín é realizador de vídeos e comisario de exposicións.

O corte de riqueza para os próceres se marcaba na renda anual de 60.000 reais que se reducía á 1/5 parte para os aspirantes a ser procuradores.

Como ambos estamentos tiñan as mesmas competencias lexislativas, a Cámara de Próceres do Reino semella garantir o dereito de expresión e decisión da alta aristocracia, dos magnates económicos e da xerarquía eclesiástica non carlista.

Pero segundo rastreamos as árbores xenealóxicas dos lexisladores da Cámara Alta, vemos como neses duros tempos de guerras civís, pronunciamentos e revoltas, entre constitución e constitución, hai tempo e ocasión de acordar favorables enlaces matrimoniais. Os descendentes dos próceres cruzan os apelidos (e as súas riquezas) de forma case sistemática. Esta práctica non era ningunha novidade pois era unha das razóns de existencia da corte paxega dos absolutistas. Pero trasladada o novo Estamento, e inmediatamente ó Senado, permitiu a perpetuación no poder da aristocracia acaudalada que así se adaptaba, e se aproveitaba, das novas circunstancias.

O seguinte paso se dará coa constitución de 1845 que crea a figura de Senador vitalicio por designación real. De condición hereditaria, deu lugar o Senador por dereito propio, o que evitaba o encordio da reelección. Podendo considerarse como o máximo título concedido pola monarquía constitucional e o liberalismo burgués, para adorno dos brasones nobiliarios. Así, o Senado converteuse nun inaccesible castelo roquedo na defensa dos intereses oligárquicos e no paradigma do nepotismo, para escándalo dos rexeneracionistas que, a principios do s. XX, denunciaban que ó sistema constitucional, nacido para outros fines, derivara nun absolutismo oligárquico (2).

Así podemos acoutar entre 1834 e 1845, o período de asentamento da alta aristocracia no novo marco político. Tras superar desconfianzas e filias carlistas, a nobreza fixo do Senado seu nicho elitista.

Non todos os nobres e fidalgos galegos ou descendentes de galegos, que participaron activamente nas Cámaras lexislativas naqueles anos iniciáticos, tiveron un comportamento homoxéneo. Houbo senadores como **Joaquín Tenreiro Montenegro** de Bañobre, I Conde de Vigo, secretario do Senado nalgúnhas lexislaturas; **Antonio Quiroga Hermida**, xeneral e compañeiro de Riego, nacido en S. Tirso de Mabegondo e **José María Moscoso de Altamira**, I Conde de Fontao, señor de Santa Marta de Babío, presidente do Senado en 1837-40 e 1844-45, os tres destacados personaxes neses anos, que unha vez retirados da actividade pública, non deixaron familia estable nas institucións lexislativas.

Outros fidalgos – sen ser exhaustivos - como os señores dos pazos de Almeiras (Culleredo), Santa Cruz de Mondoí (S. Pedro de Oza), Ramil (Carballo), As Pallas (Carballo), Sobrecarreira (Cambre) e Cereo Vello (Coristanco) e os Quiroga de Meirás (Sada), limitáronse a curtas incursións no Congreso e os Caamaño, Suárez de Deza e marqueses de Leis no Senado.

Por tanto houbo senadores e deputados que seguiron actitudes máis discretas, pero entre a primeira promoción de representantes constitucionalistas, a dos próceres de 1834, practicamente todos miraron de establecer enlaces con repercusións políticas. Uns, non sentíndose suficientemente poderosos, de por si, participaron no que podemos denominar a **Gran Coalición Fidalga** ( 3 ). Nunha proposta enxebre, os marqueses de Aranda, San Martiño de Hombreiro e Santa Cruz de Ribadulla e os condes de Priegue, Maceda e San Juan, uniron seus vástagos de maneira que, partindo de 4 próceres, chegaron a sumar máis de 40 representantes nas cámaras lexislativas.

Pero entre esa xeración de próceres e senadores vitalicios galegos, ou de orixe familiar galega, con intereses nos pazos coruñeses, hai seis casos que, sen estar relacionados

entre eles, practicaron unha política de vicaría semellante. Os marqueses de la Sierra, de Bendaña, de San Sadurniño e de Camarasa, o conde de Altamira e o duque de Gor, que enlazaron repetidamente con familias nobres non galegas, aportando sangue fidalga á oligarquía hispana. Son os protagonistas deste artigo (1).

Como contrapunto, e atendendo a súa condición de próceres betanceiros, principiamos con dúas pequenas referencias a personaxes que representan a excepción.

**Xacobo María Parga y Puga**, nacido no pazo de Santo Tomé de Vilacoba (Abegondo) no 1774 (4), foi nominado Prócer do Reino en 1834 e Senador vitalicio en 1845, sendo un dos poucos casos en que os méritos persoais pesaban máis que o berce. Sen título nobiliario, nin industrias, nin latifundios debía ser simplemente rico (5) e sobre todo un gran xestor. Dende os últimos anos de Carlos IV, cando foi admitido no Real Servicio de Oficiales de la Secretaría del Despacho de Hacienda, ata ser ministro del Consejo Real de España e Indias con Isabel II, serviu sempre o réxime que mandara.

Esa independencia de tecnócrata eficaz, provocou desconfianzas entre os máis ideoloxizados. Cando estudiaba leis en Santiago, a Inquisición abriu unha investigación pola denuncia dun profesor que o acusaba de ler libros dos enciclopedistas franceses. Cando Fernando VII o propuxo como ministro de Gobernación no 1820, serán os liberais, e concretamente Pedro Agar Bustillo, do que falaremos a continuación, quen non se fie, e, nos seus últimos anos, será acusado por manter excesivos «hábitos de contemporización». Xubilouse, tras trinta anos, 7 meses e 19 días de servicio, cobrando 36.000 reais anuais, o que viña sendo as 3/5 partes do seu soldo de ministro. Sen fillos, testou a favor da irmá e dos sobriños. Ningún outro Parga se meteu na alta política.

Outro Prócer do Reino mariñán, **Nicolás Roldán Rioboo**, nacido na cidade de Betanzos, no pazo familiar, era fillo de coronel do que herdou o título de Conde de Taboada. Nicolás non puido actuar como casamenteiro posto que non tivo descendencia. Unha vez falecido o título pasou ó seu irmán Vicente e despois a outra irmá, María Presentación. Ningún tivo fillos. O cuñado de todos eles, Pedro Agar Bustillo, deputado por Caracas nas Cortes de Cádiz, foi Presidente da Xunta de Goberno de Galicia durante o Trienio Liberal e como tal, encausado tras da invasión de 1823, apoiada polas potencias absolutistas. Francisca, súa muller, foi a única dos catro irmáns Roldán Rioboo que continuou a estirpe, con dúas fillas. Estas casaron os seus descendentes entre si, polo que a XVII Condessa de Taboada, sucesora de todos eles, era filla de curmáns.

Xacobo María Parga y Puga e Nicolás Roldán Rioboo, ademais de brigantinos e ricos, coinciden en ser os únicos fidalgos galegos que, nomeados Próceres do Reino, non puideron e non quixeron crear estirpes no Senado.

Agora veremos os seis casos anunciados que son ben diferentes, chegando a implicar entre si os descendentes de varios próceres, nunha amalgama propia dun encaixe de bolillos.


## OS GAYOSO DE LOS COBOS DAS TORRES DAS XUNQUEIRAS NO CARAMIÑAL

A traxectoria dos Gayoso de los Cobos limitouse ó Senado, certo que con desbordante plenitude. O primeiro que xuntou os apelidos, Domingo, naceu nas Torres de Xunqueiras no Caramiñal en 1735. Por parte dos Gayoso foi conde de Amarante, vizconde de Oca e marqués de San Miguel das Penas. Por parte dos Cobos foi marqués de Camarasa e da Puebla de Parga e conde de Ribadavia, ademais de Sr. da fortaleza de Cillobre na Laracha. Casou con Ana Bermúdez de Castro do pazo de Montecelo en San Pantaleón das Viñas,

nas mariñas betanceiras. Esta familia fidalga experimentou con éxito dous tipos de enlaces, por un lado Francisco Bermúdez de Castro, sobriño de Ana, non tivo máis que cruzar a ría para casar con Aurelia, primoxénita de Apolinar Suárez de Deza, deputado e senador, Sr. do pazo de Mariñán e un dos principais propietarios de Galicia. Por outro, seu curmán, **Joaquín Gayoso de los Cobos y Bermúdez de Castro**, que acompañou ós seus pais a Madrid, casou en 1800 con María Josefa Tellez-Girón y Alfonso Pimentel, filla do IX Duque de Osuna e da XV Condessa de Benavente. Este enlace abriulle ós seguintes Gayosos de los Cobos o firmamento nobiliario da corte. Francisco de Borja, o varón máis vello, foi Prócer do Reino e senador vitalicio, igual que o Príncipe de Anglona, seu cuñado, igual que o Duque do Infantado, curmán da súa muller. Outros tres sobriños políticos foron senadores por dereito propio. Igual que Jacobo, o irmán máis novo. Outras tres irmás Gayoso de los Cobos e Tellez-Girón ou ben casaron con senadores ou o fixeron súas fillas. Costume que continuaron na seguinte xeración catro bisnetas.


Sendo moi longa a relación de títulos nobiliarios adxacentes, só citar que un dos enlaces foi co duque de Medinaceli, a quen hoxe pertence o cuidado pazo de Oca e as ruínas das torres de Cillobre.

Diferente sorte correron as Torres de Xunqueiras que foron vendidas a fins do XIX á familia do galego Eduardo Gasset Artime, propietario do influente xornal madrileño «El Imparcial», dirixente do partido liberal e primate do grupo político dos gassetistas. Estas novas familias de políticos profesionais, sen título nobiliario previo, desexaban tamén sentirse cun pasado fidalgo.



## OS PATIÑO DE SERRA DE OUTES

En Madrid naceu no 1802, **Luis María Patiño Ramirez de Arellano** que foi marqués de la Sierra, de Castelar, e conde de Belver. Foi prócer do reino e senador vitalicio, igual que o home da súa irmá Joaquina, duque de San Carlos, o irmán da súa muller, Marqués de Alcañices e o seu sobriño. Dos tres fillos, Inés tivo home e fillo senadores. Unha neta e un neto emparentaron con outros representantes na Alta Cámara e Luis casou con María de la Concepción Fernández Durán y Caballero que era neta, filla e irmá de senadores por dereito propio. Os Patiño seguen sendo propietarios do pazo de Serra de Outes, de onde ven o marquesado de la Sierra.




## OS QUINDÓS DE SAN SADURNIÑO

Tamén sinxelo de explicar é o caso dos Quindós de San Sadurniño. Aínda queda lembranza na comarca da corte de señores e criados que se instalaba no pazo nos veráns. María Natividad Quindós Villarroel era filla única e acumulaba os marquesados de San Sadurniño, Los Palacios e Gracia Real, o ducado de la Conquista e o Vizcondado de la Frontera. Era bisneta de Prócer e neta, filla e sobriña de senadores. Ademais o pai fora alcalde de Madrid.

O candidato que mereceu seus favores non se quedaba atrás. Conde de Cumbres Altas, **Francisco de Asis Arias-Dávila Matheu Bernaldo de Quirós**, podía gavarase de ter os dous avós Próceres (marqués de Monreal e conde de Puñoenrostro) e pai e tios senadores. El mesmo tamén ocupou seu escano. Ademais o pai, foi Caballerizo Mayor e Mayordomo Mayor de Palacio nos últimos anos do reinado de Isabel II.

María Natividad tamén era persoa de confianza na corte, pois era Camarera Mayor de la reina madre, nos anos da rexencia e de reinado de Alfonso XIII. A familia real visitou varias veces o pazo, tendo ocasión de admirar a «Fraga da marquesa» que estaba valada e con caza maior. A marquesa non deixou descendencia. Polos anos 50 seus herdeiros venderon a fraga, que foi talada polo pé e convertida en eucaliptal.




## OS PIÑEIRO DE CECEBRE, DODRO, TORRE DO MONTE, AGUIEIROS E FRANZA

Familia de militares, por liña paterna e de nobres non galegos por liña materna, Santiago Piñeiro de las Casas, sendo moi novo, xa fora oficial na Guerra da Independencia. Liberal, exilouse tras do Trienio. Na primeira Guerra Carlista era Mariscal de Campo, andando máis pendente dos asuntos bélicos que dos políticos. Non foi senador ata contar con 55 anos. Mesmo Buenaventura, seu sobriño, o VIII marqués de Bendaña, agardou ata os 52 para ser senador vitalicio.

Tres xeracións levaban os Piñeiros enlazando con nobres familias forasteiras. O bisavó cos Maldonado, marqueses de los Castellanos, o avó cos extremeños marqueses de la Espeja e o pai cos marqueses do Real Tesoro e condes de Sástago. Dúas destas tres familias tiveron cadanseu prócer. A outra tivo senador vitalicio.

Cos descendentes seguiron a mesma política. **Buenaventura Piñeiro y Manuel de Villena**, casou dúas veces. Coa primeira muller tivo unha filla, Juana Piñeiro Echeverri que casou co marqués de San Felices, senador por dereito propio, sobriño de senador vitalicio

e fillo de prócer. Coa segunda muller tivo un fillo, Tomás María Piñeiro Aguilar, deputado e senador que casou coa marquesa de Mesa de Asta, irmá de senador e filla de prócer e senador vitalicio. O fillo destes últimos, Lorenzo Piñeiro Fernández de Villavicencio, coronel do estado mayor, vendeu o pazo de Cecebre ós Etcheverría.




## GRANADINOS E VALISOLETANOS CON PAZOS ARZUÁNS

Un personaxe importante – vicepresidente do Senado – en varias das primeiras lexislaturas foi o granadino **Mauricio Nicolás Álvarez de las Asturias Bohorquez**, duque de Gor. Súa vinculación cos pazos de Magulán e Oines en Arzúa, ven por casar con María de la O Guiráldez Cañas, valisoletana, filla do arzuán Jaime Guiráldez Mendoza. Camarera mayor de palacio e sobriña de Vicente Cañas Portocarrero, deputado no Trienio liberal.

Mauricio Nicolás foi prócer do reino e senador vitalicio. Un fillo, mariscal de campo, foi senador por dereito propio, outro senador por Granada despois de ser deputado por Castelló. Un terceiro fillo representou a Granada no Congreso.

Un neto foi famoso por ser o primeiro español en participar nunha olimpíada. Este espadachín casou cunha filla do conde de Guaqui, prócer do reino e tivo un curmán senador por dereito propio.

Unha irmá do patrucio Mauricio, casou co marqués de Malpica, prócer, pai de senador vitalicio e avó de senador por dereito propio. Ambos, fillo e neto, foron previamente deputados no Congreso, o primeiro por Cáceres e o segundo por Toledo.




### OS OSORIO DE MOSCOSO, CONDES DE ALTAMIRA

Pero sobre todas estas familias que miraron sempre de ter varios membros na máxima institución lexislativa, sitúanse os Osorio de Moscoso, das Torres de Altamira, Mens e Vimianzo, e do pazo de Trasouteiro en Brión. Mais que un grupo parlamentario, que diríamos hoxe, os condes de Altamira fixeron do senado un punto de encontro familiar.

Intentarei explicar esta complexa operación casamenteira, que implica a sete próceres, dende un personaxe central. **Vicente Pío Osorio de Moscoso y Ponce de León**, conde de Altamira e, segundo Martínez Barbeito, outros trinta e catro títulos de conde, marqués, duque e vizconde, 13 deles con Grandeza de España. Nacido en Madrid en 1801, pasaba por ser o nobre máis titulado. Seu avó foi Vicente Xoaquín, que fora presidente da Xunta Suprema Central, máximo organismo de resistencia á invasión francesa e despois gobernador do Banco de San Carlos. Seu pai foi Vicente Ignacio, que tamén se distinguiu na oposición a Napoleón, foi dos poucos aristócratas que apoiaron ós gobernos do Trienio Liberal e despois, represaliado por Fernando VII que lle retirou «a chave de xentilhome». Este enfrontamento co monarca absolutista era, pasada a «década ominosa», un gran mérito na época constitucional e xunto ao demostrado patriotismo concedía ós descendentes un grande prestixio. Se unimos a estes méritos persoais os sucesivos enlaces dos primoxénitos do condado de Altamira, ó longo de todo o século XVIII, cos Fernández de Córdoba, Guzmán de Guevara, Álvarez de Toledo e Ponce de León y Carvajal, temos a Vicente Pío perfectamente posicionado para ser alguén importante en Madrid. E certamente foino porque, ademais, soubo gañarse uns cargos que lle permitían estar ao tanto de canto se cocía no Foro.

Primeiro foi Caballerizo Mayor de Palacio (1854-56) - cargo no que foi substituído polo sogro de María Natividad Quindós – e despois, entre 1856 e 1864 – ano do seu falecemento - foi nomeado por Isabel II, Sumiller de Palacio. Máximo cargo de confianza que lle daba o control das zonas e aposentos privadas da raíña e das audiencias que concedía. Polo tanto, botou 10 anos sendo unha peza clave da corte isabelina.





Lembremos que, con dezaseis anos, Isabel de Borbón foi casada co seu curmán Carlos Maria Isidro de Borbón. O parecer non sentían entre si especial atracción ou máis ben, rexeitábanse mutuamente. Esto motivou que circularan polas dependencias privadas do

Palacio personaxes un tanto incongruentes coas estrictas etiquetas protocolarias. Tanto na ocasión como na frecuencia. A eficacia de Vicente Pío xestionando esas visitas, conseguía que todo funcionara con normalidade, para satisfacción dos esposos reais.

Antes de ver as consecuencias «senatoriales» do seu propio enlace e o dos seus fillos, vexamos as do seu pai e avó. Súa avoa, M<sup>o</sup> Ignacia Alvarez de Toledo y Gonzaga, irmá do marqués de Medina Sidonia, era tía de prócer, e tía avoa e tía bisavoa de senadores. Súa nai, María del Carmen Ponce de León y Carvajal era cuñada do duque de Medinaceli, prócer, tía de senador vitalicio e tía avoa de senador, por un lado, por outro, súa sobriña María era nora do duque de Abrantes, prócer, esposa de senador vitalicio, nai de dous senadores e avoa de senador por dereito propio. Levamos 3 próceres e 8 senadores.

A esposa de Vicente Pío, María Luisa Carvajal-Vargas Queralt, era sobriña do conde de Santa Coloma, prócer, curmá de senador vitalicio e curmá segunda de senador por dereito propio. Por outro lado era irmá do duque de San Carlos, prócer, cuñada política do marqués de Castelar, prócer, e familiar en distinto grao doutros próceres e senadores. Estes últimos non os contabilizaremos aquí por estar xa no haber dos Patiño. Sumamos 3 próceres e 2 senadores.

O propio Vicente Pío foi proposto como prócer pero non admitido por non ter a idade. No 1845 foi senador vitalicio. Igual que o seu fillo José María, casado con Luisa Teresa de Borbón, neta de Carlos IV. Súa filla María Rosalía casou en 1859, estando o pai administrando os movementos de Palacio, con José María Ruiz de Arana y Saavedra, senador vitalicio a quen algúns autores atribúen unha gran amizade con Isabel II, fillo de senador vitalicio e sobriño do duque de Rivas, prócer. E a súa filla María Eulalia casou, no máis vertixinoso salto posible nunha arbore xenealóxica, con Fernando Osorio de Moscoso y Fernández de Córdoba, que viña sendo, nada menos, que fillo da segunda muller do bisavó da noiva. O fillo de ambos, Alfonso Osorio de Moscoso y Osorio de Moscoso, foi senador por dereito propio. Mentres que Mariano, fillo de Xosé María e María Rosalía, e por tanto neto de Vicente Pío, foi senador vitalicio. Neste parágrafo sumamos 1 prócer e 6 senadores. Total: 7 próceres e 16 senadores.

Tan vinculados estaban os condes de Altamira con Isabel II que foron arrastrados na caída da monarquía. No 1868, a «Gloriosa» expulsa á Raíña que se exilia en Francia. A desgracia política é seguida pola ruína económica, provocando que María Rosalía Osorio de Moscoso y Carvajal vendera todas as propiedades que tiña na provincia da Coruña.

## CONCLUSIÓN

Unha vez que a rexenta María Cristina de Borbón, viuva de Fernando VII, garante a participación da aristocracia no novo sistema constitucional, as seis familias estudadas, nobres de orixe galego, apresúranse a acubillarse no Estamento dos Próceres do Reino.

Xa estaban aclimatadas na corte pois dende o século XVIII, viñan integrándose nas órbitas máis próximas ó Pazo Real e no XIX culminan esa posición privilexiada agrupándose en auténticos grupos parlamentarios no Senado.

Os grupos familiares presentados teñen en común tanto súas orixes fidalgas como a vontade de enlazar con familias foráneas. De feito parece como si se evitaran mutuamente. Só aparecen dous personaxes que, indirectamente, enlazan a dúas destas familias. O duque de San Carlos serve de ponte entre os Osorio de Moscoso e os Patiño e o conde de Sástago entre os Quindós e os Piñeiro. Todos os demais enlaces procuran a integración na oligarquía hispana.

## Notas

(1) Os datos pertinentes para realizar estas árbores xenealóxicas foron recollidos da seguinte bibliografía:

MARTINEZ BARBEITO, Carlos. 1978. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. A Coruña. Deputación provincial.

BARREIRO FERNANDEZ, Xosé R., Coord. Tomos I e II. 2003. *Parlamentarios de Galicia. Biografía de deputados e senadores (1810-2003)*. Santiago de Compostela.

Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.

Páxinas web :

<[www.diputaciondelagranda.es](http://www.diputaciondelagranda.es)>

<[www.fundacionmedinaceli.org](http://www.fundacionmedinaceli.org)>

<[www.censoarchivos.mcu.es](http://www.censoarchivos.mcu.es)>

<[www.geneall.net](http://www.geneall.net)> <[www.geneanet.org](http://www.geneanet.org)>

<[www.wikipedia.org](http://www.wikipedia.org)> <[www.congreso.es](http://www.congreso.es)>

<[www.senado.es](http://www.senado.es)> e moi especialmente

<[www.xenealoxia.org](http://www.xenealoxia.org)> e

<[www.xenealoxiasdoortegal.net](http://www.xenealoxiasdoortegal.net)>

(2) COSTA, Joaquín, 1902. *Oligarquía y caciquismo*, Ateneo de Madrid. Consultada pax. 98, edición 1975. Madrid. Ediciones de la revista de trabajo.

(3) Estos casos son tratados en: BRISSET MARTIN, Xavier. 2013. «A Gran Coalición Fidalga: Nobreza endogámica no Senado e no Congreso». *Cátedra* nº 20. Pontedeume.

(4) Unha completa biografía: MEIJIDE PARDO, Antonio. 1992. *El ilustrado, político, economista gallego José María de Parga y Puga*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.

(5) Moi rico a escala galega. Nas partixas para repartir a herencia dos pais, a relación das propiedades ocupan 200 folios.



*Vicente Joaquín Osorio de Moscoso y Guzmán (1756-1816) pintado por Goya*  
<[www.fundaciongoyaenaragon.es](http://www.fundaciongoyaenaragon.es)>



*Torres de Altamira en Brión*  
<[www.concellodebrion.org](http://www.concellodebrion.org)>



*Palacio de Altamira antes da última restauración. Rúa Flor Alta. Madrid*  
<[www.memoriademadrid.es](http://www.memoriademadrid.es)>



*Visitantes no Pazo de Meirás. Xullo 2012. Foto Lucía Dancausa.*